

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a María Luisa Fernández Santín
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

D^a Patricia Esther Espiñeira Galán

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día tres de setembro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a María Luisa Fernández Santín, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste a concelleira D^a Patricia Esther Espiñeira Galán.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Lucía Mata Rodríguez e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

ÚNICO. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA “CONTRATACIÓN ARTÍSTICA Y PRODUCCIÓN DEL XXXIV FESTIVAL ROCK IN CAMBRE A CELEBRAR POR EL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE”. EXP: 2026/C004/000014

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de setembro de 2026 (CVD: OyNUIvDEIRCdZc6U7vDw), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación da “Contratación artística y producción del XXXIV Festival Rock in Cambre a celebrar por el Ayuntamiento de Cambre”. (Exp: 2026/C004/000014).

Visto que o anuncio de licitación foi publicado o día 28 de xullo de 2026 na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Visto que, consultada a devandita plataforma de contratación consta que presentou oferta dentro do prazo outorgado ao efecto o seguinte licitador:

LICITADOR	NÚM. IDENTIFICACIÓN	FECHA Y HORA DE PRESENTACIÓN
ALBOROTO PRODUCCIONES, S.L.	B02471746	11-08-2026 17:56:28

Vista a acta da mesa de contratación da sesión celebrada en 14 de agosto de 2026, (CVD: BX11P5lhKyhImPOwHLDq) na que, por unanimidade dos presentes, entre outras cousas, acordouse:

“(…)

Único.- Otorgar a “Alboroto Producciones, S.L.” la siguiente puntuación, sin que su oferta se encuentre en presunción de ser anormalmente baja al no existir baja respecto al precio de licitación (cláusula 18.6 del PCAP y art. 85.2 del Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre):

Puntos precio	Puntos Subcriterio A.I	Puntos Subcriterio A.II	Puntos Subcriterio B.I	Puntos Subcriterio C.I	Puntos Subcriterio C.II	Puntuación total
49	6,38	6	10	10	8	89,38

(…)”.

Na antedita reunión, a mesa de contratación, por dous votos a favor e dous en contra, có voto de calidade do Sr. Presidente, entre outras cousas, acordou:

“(…)”

Primero.- Realizar propuesta de adjudicación de la “Contratación artística y producción del XXXIV Festival Rock in Cambre”, a favor del licitador “Alboroto Producciones, S.L.”, en el precio ofertado de 205.458,11 euros sin IVA (248.604,31 euros IVA incluido) y con los compromisos que se relacionan a continuación, sin que su oferta esté incurso en presunción de oferta anormalmente baja:

- Adquisición de créditos de carbono oficiales en registro público por un volumen total de 30 toneladas de CO2
- Compromiso de que el 100% de los elementos de iluminación instalados en el interior de la carpa de público, carpas auxiliares y zonas técnicas de backstage utilicen exclusivamente tecnología LED de alta eficiencia
- Aportación e instalación de 2 jaimas modulares
- Realizar una (1) limpieza extra por jornada
- Adscripción y conexión de un (1) grupo electrógeno/generador de emergencia adicional de reserva

(…)”

e requirirille ao licitador Alboroto Producciones, S.L. para que no prazo de 10 días hábiles presentase a través da Plataforma de Contratación a documentación correspondente ás cláusulas 13 e 19 do PCAP.

O citado requirimento de documentación ao licitador foi realizado o día 18 de agosto de 2026 por medio da Plataforma de Contratación do Estado.

Con data de 19 de agosto de 2026 o licitador presentou a documentación requirida.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luis Martínez en data de 24 de agosto de 2026, (CVD: bopzvJkgXCLIZx5I5bPL), no que entre outras cousas di:

“(…)

INFORME – PROPOSTA

Visto o requirimento realizado á entidade Alboroto Producciones S.L. relativo á presentación da documentación contemplada nas cláusula 13 e 19 do PCAP, por ser a empresa a favor de quen se formulou proposta de adxudicación, segundo a acta da Mesa de Contratación de data 14/08/2026.

Informo que:

En relación a súa **solvencia económica e financeira**:

No prego indícase que a acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario poderá efectuarse polos seguintes medios: “Volumen anual de negocios en el ámbito al que se refiera el contrato, referido al mejor ejercicio dentro de los tres últimos disponibles en función de las fechas de constitución o de inicio de actividades del empresario y de presentación de las ofertas por el importe igual o superior al valor estimado del contrato, al ser su duración inferior a un año (art. 87.1.a) LCSP y 11.1.) RGLCAP), tal y como se indica a continuación:

Contrato	Solvencia económica y financiera
Contratación artística y producción del XXXIV festival Rock in Cambre 2026 a celebrar por el Ayuntamiento de Cambre (205.458,11 € x 1 = 205.458,11 €)	≥ 205.458,11 €

Se acreditará mediante la aportación de sus cuentas anuales aprobadas y depositadas en el Registro Mercantil, si el empresario estuviera inscrito en dicho registro, y en caso contrario por las depositadas en el registro oficial en que deba estar inscrito. Los empresarios individuales no inscritos en el Registro Mercantil acreditarán su volumen anual de negocios mediante sus libros de inventarios y cuentas anuales legalizados por el Registro Mercantil.”

O licitador presenta na Plataforma de Contratación do Sector Público o certificado da presentación das contas anuais da entidade no Rexistro Mercantil de Albacete, no que consta que o importe neto da cifra de negocios para o ano 2024 foi de 899.792,68 €.

En relación a súa **solvencia técnica**:

Segundo o indicado no PCAP:

“De conformidad con lo establecido en el art. 90 de la LCSP y 11.4.b) del RGLCAP, la solvencia técnica del licitador se acreditará mediante una relación de los principales servicios o trabajos realizados de igual o similar naturaleza que los que constituyen el objeto del contrato en el curso de, como máximo, los tres últimos años, en la que se indique el importe, la fecha y el destinatario, público o privado de los mismos, acreditados mediante certificados expedidos o visados por el órgano competente, cuando el destinatario sea una entidad

del sector público; cuando el destinatario sea un sujeto privado, mediante un certificado expedido por este o, a falta de este certificado, mediante una declaración del empresario acompañado de los documentos obrantes en poder del mismo que acrediten la realización de la prestación. En su caso, estos certificados serán comunicados directamente al órgano de contratación por la autoridad competente.

Se considerará que el licitador acreditó su solvencia técnica cuando el importe anual acumulado en el año de mayor ejecución de los tres últimos años de servicios o trabajos realizados de igual o similar naturaleza que los que constituyen el objeto del contrato sea igual o superior al 70% del valor estimado del contrato, al ser su duración inferior al año, según se indica a continuación:

Contrato	Solvencia técnica y profesional
Contratación artística y producción del XXXIV festival Rock in Cambre 2026 a celebrar por el Ayuntamiento de Cambre. (205.458,11 € × 0,7 = 143.820,68 €)	≥ 143.820,68 €

Se considerarán servicios de igual o similar naturaleza, a efectos de acreditación del importe anterior, y de conformidad con lo establecido en el segundo párrafo del artículo 90.1.a) de la LCSP, aquellos cuyos tres primeros dígitos del código CPV sean "799" o "923", y vengán referidos a la organización de actividades y /o eventos y/o servicios artísticos de similar naturaleza que los de esta contratación.

En la memoria del contrato incorporada al expediente se justifica de forma fundamentada la elección de los criterios para acreditar la solvencia técnica.

Cuando el contratista sea una empresa de nueva creación, entendiéndose por tal aquella que tenga una antigüedad inferior a 5 años, su solvencia técnica se acreditará por uno o varios de los medios a que se refieren las letras b) a i) del artículo 90 LCSP, sin que le sea aplicable el requisito relativo a la ejecución de un número determinado de servicios."

O licitador presenta un certificado de boa execución emitido polo Ayuntamiento de Calahorra relativo ao "Contrato privado de servicios de esparcimiento que tiene por objeto la organización, gestión y ejecución del festival "KALAGURRIROCK" a realizar los días 9 y 10 de mayo de 2025 en la carpa de "El Silo", en Calahorra", por importe de 69.900,00 € máis IVE (84.579,00 € IVE incluído). Segundo a Plataforma de Contratación del Sector Público, o código CPV deste contrato é 92300000-Servicios de entretenimiento

Así mesmo, conséntase que «Alboroto Producciones, S.L.» foi a empresa adxudicataria do expediente 2025/C004/000011 («Contratación artística e produción XXXIII Festival Rock in Cambre 2025») por 97.000,00 euros sen IVE (117.370,00 euros IVE incluído). Aínda que non achega o certificado físico, este atópase en poder desta Administración e corrobórase que a actividade coincide plenamente coas tarefas actuais, ao ser a edición anterior do propio servizo a contratar.

En relación as súas **obrigas tributarias**:

O licitador achega dous certificados positivos, de datas 12/08/2026 e 19/08/2026, de cada unha das seguintes entidades: Axencia Estatal de Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Tamén achega un certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT, de data 19/08/2026, no que consta dado de alta, entre outros, nos epígrafes 965.2 - ESPECTACULOS AL AIRE LIBRE e 965.4 - EMPRESAS DE ESPECTACULOS

En relación á garantía definitiva:

Segundo o indicado no PCAP, o licitador debe presentar unha garantía definitiva por un valor dun 5% do prezo final ofertado, excluído o Impuesto sobre o Valor Engadido.

O importe ofertado é de 205.458,11€, sendo o seu 5% 10.272,91 €

O licitador achega un resgardo de fianza definitiva do Concello de data 19/08/2026 por importe de 10.272,91 €

En relación á declaración responsable respecto de las personas con discapacidad y plan de igualdad:

O licitador presenta un escrito asinado con data 18/08/2026, conforme ao modelo que figura como Anexo IV do PCAP, no que declara que a súa empresa conta cunha plantilla cun número de persoas traballadoras inferior a 50.

Infórmase favorablemente á solvencia económica, financeira e técnica, para a contratación artística e produción do XXXIV Festival Rock in Cambre 2026.

(...)"

Vista a acta da Mesa de Contratación de data 27 de agosto de 2026 (CVD: 4N5izq5Rv+HnvuV6uuv4), na que, entre outras cousas, consta:

"(...)

Revisada por la Mesa la documentación presentada por "Alboroto Producciones, S.L.", y visto el informe emitido por el coordinador de actividades culturales y educativas, don José Luis Martínez Názara, de fecha 24 de agosto de 2026 (CVD: bopzvJkgXCLIZx5I5bPL), previa manifestación de la Sra. Pastor Novo de que su voto en este punto lo emite sin perjuicio de que comparte el criterio del informe de secretaría emitido por quien fue técnica de gestión de administración general, doña Verónica Otero López con la conformidad de la secretaria accidental, doña María del Juncal Capín Fonseca con fecha de 24 de julio de 2026, (CVD: BEJd/dAXTbY+bC+YWeha) y de la Sra. Mata Rodriguez que se reitera en su informe de intervención emitido con fecha de 24 de julio de 2026 (CVD: joQWpVHPFK+of39fHyOf), criterios al cual se adhiere el arquitecto técnico municipal, don Marcos Fernández Vioto, la Mesa de Contratación por unanimidad manifiesta que la documentación presentada por "Alboroto Producciones, S.L." cumple con lo requerido en las Cláusulas 13 y 19 del PCAP.

(...)"

Visto o informe emitido pola secretaria xeral en data 31 de agosto de 2026 (CVD: SjDeYpWcB0R2p2xhB9Ki) no que entre outras cousas di:

"(...)

CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para o exame do expediente motivado pola escasez de persoal no servizo, vacancia dos dous postos de técnico de xestión de Administración xeral, a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecargada de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, circunstancias que imposibilitan facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que a presente emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente, polo que poderán ser ampliadas e/ou matizadas, de ser preciso.

Sentado o anterior, coas limitacións derivadas do sinalado fanse as seguintes consideracións:

Primeira.- Normativa aplicable.

Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG)

Segunda.- En data 23 de xullo de 2026 pola técnica de xestión de Administración xeral co conforme da secretaria accidental emitíuse informe (CVD: BEJd/dAXTbY+bC+Yweha) no que polas consideracións que nel se expoñen informouse desfavorablemente o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: 3KJ4+8mwvRlfEnqU4N4D) nos extremos citados e o expediente de contratación.

A funcionaria que subscribe comparte o criterio da técnica e secretaria accidental manifestado no informe citado, polo que informa desfavorablemente a adxudicación do contrato.

Comparte tamén a que subscribe o sinalado pola intervención municipal no apartado X A do informe da Fase A (CVD: joQWpVHPFK+of39fHyOf).*

Terceira- Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación, sinalar que no procedemento cumpríronse, a xuízo da que subscribe, os trámites esixidos pola normativa de aplicación

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto infórmase desfavorablemente a adxudicación do contrato de contratación artística e produción do XXXIV festival Rock in Cambre á entidade mercantil.

Non se estudan os restantes extremos do expediente por falta de tempo hábil para o exame do asunto.

Lembrase, unha vez mais, o informado pola secretaria xeral en anteriores ocasións, verbo da necesidade de regularizar sen demora os contratos que se prestan actualmente en precario, algúns declarados nulos de pleno dereito, polo que, a criterio da que subscribe procedería priorizar a tramitación destes con carácter preferente a outros relativos a prestacións que non tenen carácter de servizos básicos.

Por outra banda, lembrar tamen que o Consello Consultivo de Galicia, no seu ditame 236/2025, de 31 de xullo de 2025, entre outros, sinala que:

"(...)Segundo esta mesma liña, este órgano consultivo debe advertir de que a revisión de oficio nestes casos non enerva as responsabilidades que poidan derivarse nin tampouco e un procedemento que poida ser utilizado polas Administracións públicas para eludir as regras de contratación pública e orzamentaria ou para converter en habitual e ordinario un modo de actuación ao marxe de ditas regras. De aí que a constatación deste tipo de irregularidades ha de ir necesariamente acompañada da adopción das medidas tendentes a corrixilas e evitalas, o

que inclúe tanto a esixencia de eventuais responsabilidades como a debida planificación e previsión das necesidades contratuais e orzamentarias con antelación suficiente para garantir o cumprimento das esixencias legais(...).".

É o que expoño neste informe coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

(...)"

Visto o **INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR CONTRATO ROCK IN CAMBRE. FASE D /2026** de data 1 de setembro de 2026 (CVD: 7gWKMNX80EhrJrNAT4aF) emitido pola interventora municipal, no que entre outras cousas di:

"(...)

RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

[X]Fiscalizado **desfavorablemente** en efectos suspensivos

- **X*.B:** o informe de secretaría á adxudicación é desfavorable.

[X] Fiscalizado **desfavorablemente CON efectos suspensivos** por aplicación do artigo 216.2.c TRLFL (**omisión de requisitos e trámites esenciais**):

- **X*.A:** tal e como advertín no meu informe referencia **LMR CONTRATO ROCK IN CAMBRE. FASE A /2026**, de 24-07-2026 (CVD: joQWpVHPFK+of39fHyOf), **os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato.**

Os **reparos** emitidos **suspenden** a tramitación do expediente ata que, no caso de existir discrepancias, sexan **levantados** pola **alcaldía**, facultade **indelegable**, dacordo co procedemento regulado no artigo 15 do RD 424/2017, do 28 de abril:

"1. Sin perjuicio del carácter suspensivo de los reparos en los términos previstos en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, las opiniones del órgano interventor respecto al cumplimiento de las normas no prevalecerán sobre las de los órganos de gestión. Los informes emitidos por ambos se tendrán en cuenta en el conocimiento de las discrepancias que se planteen, las cuales serán resueltas definitivamente por el Presidente de la Entidad Local o por el Pleno, de acuerdo con lo previsto en el artículo 217 y en el apartado 2 del artículo 218 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales y en los apartados siguientes de este artículo.

2. Cuando el órgano gestor no acepte el reparo formulado por el órgano interventor en el ejercicio de la función interventora planteará al Presidente de la Entidad Local una discrepancia.

No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, corresponderá al Pleno la resolución de las discrepancias cuando los reparos:

a) Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito.

b) Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia.

3. En el plazo de quince días desde la recepción del reparo, las discrepancias se plantearán al Presidente o al Pleno de la Corporación Local, según corresponda, y, en su caso, a través de los Presidentes o máximos responsables de los organismos autónomos locales, y organismos públicos en los que se realice la función interventora, para su inclusión obligatoria, y en un punto independiente, en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

La discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita de los preceptos legales en los que sustente su criterio.

Resuelta la discrepancia se podrá continuar con la tramitación del expediente, dejando constancia, en todo caso, de la adecuación al criterio fijado en la resolución correspondiente o, en su caso, a la motivación para la no aplicación de los criterios establecidos por el órgano de control.

La resolución de la discrepancia por parte del Presidente o el Pleno será indelegable, deberá recaer en el plazo de quince días y tendrá naturaleza ejecutiva.

4. El Presidente de la Entidad Local o el Pleno, a través del citado Presidente, previamente a la resolución de las discrepancias, podrán elevar resolución de las discrepancias al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

A tales efectos, el Presidente remitirá propuesta motivada de resolución de la discrepancia directamente a la Intervención General de la Administración del Estado o al órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, concretando el extremo o extremos acerca de los que solicita valoración. Junto a la discrepancia deberá remitirse el expediente completo. Cuando el Presidente o el Pleno hagan uso de esta facultad deberán comunicarlo al órgano interventor y demás partes interesadas.

La Intervención General de la Administración del Estado o el órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, sin perjuicio de su facultad para recabar los informes o dictámenes que sean necesarios a efectos de emitir informe, deberán informar sobre las cuestiones planteadas en el plazo de un mes desde la solicitud por parte del Presidente siempre que se cuente con el expediente completo. Este plazo se interrumpirá en el caso de que sea necesario solicitar aclaraciones o informes para la resolución de la discrepancia.

Cuando las resoluciones y acuerdos adoptados por la Entidad Local sean contrarios al sentido del informe del órgano interventor o al del órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera, se incluirán en los informes referidos en los apartados 6 y 7 de este artículo.(...)."

X*.C: ADVIRTO ao órgano de contratación queo expediente que se somete a fiscalización refírese a un **contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación**(artigo 44 LCSP) sendo os suxeitos lexitimados para a súa interposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de xeito directo ou indirecto, polas decisións obxecto do recurso así como a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados (artigo 48 LCSP). En consecuencia, ao abeiro do artigo 153.3 LCSP, **a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ao licitador.**

Dacordo cúa cláusula 12 PCAo **prazo de execución material do obxecto principal do contrato, consistente nas actuacións musicais de grupos e artistas profesionais e locais, comprenderá os seguintes días: Inicio: venres 25 de setembro de 2026 ás 19.00 horas. Finalización: madrugada do domingo 27 de setembro ás 04.00 horas como límite máximo improrrogable de finalización do evento.** Así pois, **o órgano de contratación dispón dun prazo moi axustado para cumprir cós artigos 36, 44, 37 e 153 da LCSP -17 días hábiles a contar dende mañá e ata o día anterior ao evento-** en caso de que discrepe có reparo suspensivo emitido por esta intervención e decida continuar coa tramitación do expediente.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea considera a contratación verbal como a infracción máis grave do dereito comunitario (Sentenza do 11 de xaneiro de 2005 (Stad Ache):

*"37 En efecto, el citado planteamiento tendría como resultado convertir la aplicación de las normas comunitarias pertinentes en facultativa, según la voluntad de cada entidad adjudicadora, cuando, por el contrario, dicha aplicación es obligatoria si se cumplen los requisitos previstos en estas normas. **Una facultad de este tipo podría provocar la infracción más grave del Derecho comunitario en materia de contratos públicos por parte de una entidad adjudicadora.** Disminuiría sensiblemente la tutela judicial eficaz y rápida que desea la Directiva 89/665 y perjudicaría a los objetivos perseguidos por la Directiva 92/50, a saber, la **libre circulación de los servicios y que en esta materia exista una competencia abierta y no falseada en todos los Estados miembros**"*

Tal e como establece o art.103 da Constitución, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa dacordo con os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Así pois, as autoridades e o persoal ao servizo da mesma

están obrigados ao debido respecto da normativa de aplicación nos diversos ámbitos de actuación dentro das competencias públicas.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino electrónicamente o presente informe na data que figura na marxe.

(...)"

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luis Martínez en data de 2 de setembro de 2026, (CVD: a65UM1lhKerfPGmEkHoh), que di:

"(...)

A nosa ref. : 7 cultura

Asunto: Informe levantamento de reparo de fiscalización de disconformidade da contratación artística e produción do XXXIV Festival Rock in Cambre 2026

Expte. TEDeC: 2026/C004/000014 – 2026/G006/000086

Antecedentes

1.- Vista a providencia de inicio de expediente de contratación asinada polo concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico con data 23/07/2026 (CVD: Evhg87eN9vP9GrckqSmU)

2.- Visto o Informe de Fiscalización previa da aprobación do expediente (FASE A) con data 24/07/2026 (CVD: joQWpVHPFK+of39fHyOf) onde se indica:

«**X*.A:** incumprimento do artigo 102.3 da LCSP xa que a determinación do prezo que consta no expediente non permite comprobar a correcta estimación do seu importe. Así a cláusula 5 do PPT refírese nos seguintes termos á Valoración económica de las propuestas artísticas: "(...) Por ello, los propios artistas fijan sus tarifas de manera autónoma. Para la confección de este presupuesto, se ha tomado como referencia el histórico de precios de contrataciones en ediciones anteriores de este festival, complementado con los requerimientos técnicos (riders) de cada grupo, atendiendo a las especificidades y formatos de cada propuesta (...)” e describe do seguinte xeito o cálculo del presupuesto de suministros y servicios "(...) En el cálculo de este presupuesto se han tenido en cuenta también los precios de contrataciones previas, estableciéndose a partir de estos precios de referencia la valoración de las diferentes prestaciones(...)”

Polo que respecta á parte do prezo correspondente ao cache da contratación de bandas locais -5 teloneros incluyendo costes alta (950 por c/u)-, ademais de non constar xustificación da cantidade asignada, ADVIRTO que a forma na que está prevista o seu abono (o concello paga ao adxudicatario para que éste pague aos 5 teloneros pero a selección a realizará, previa solicitude dos grupos que estén interesados en participar, o propio concello dacordo cunhas bases nas que non se fixo referencia ningunha a que os finalmente seleccionados ademais de actuar no Rock in Cambre 2026 percibirían un importe dinerario) non respecta á normativa sobre subvencións públicas.»

3.- Visto o Informe de Fiscalización previa da adxudicación do expediente (FASE D) con data 01/09/2026 (CVD: 7gWKMNX80EhrJrNAT4aF) onde se sinala:

«Fiscalizado desfavorablemente CON efectos suspensivos por aplicación do artigo 216.2.c TRLFL (omisión de requisitos e trámites esenciais):

X*.A: tal e como advertín no meu informe referencia LMR CONTRATO ROCK IN CAMBRE. FASE A/2026, de 24-07-2026 (CVD: joQWpVHPFK+of39fHyOf), os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato.»

4.- Vista a Proposta de aprobación das Bases do concurso "I Batalla de Bandas 2026", así como da súa convocatoria con data 12/05/2026 (CVD: r4eiryXd90bvXrAvSvak) no expediente 2026/G006/000086

5.- Vista a Dilixencia de Intervención de data 27/05/2026 (CVD: U5t4M1mp0xm/fKzXXQgH) no citado expediente.

6.- Vista a Solicitud de aclaración das bases por Secretaría con data 27/05/2026 (CVD:xk25UQH7NmWfGFDaJ45) que indica:

«[...] e comprobado que nas edicións anteriores do Rock in Cambre no prezo do contrato incluíuse o abono dunha cantidade a cada un dos grupos locais de rock propostos polo Concello, solicítase aclaración verbo de se está previsto que a participación das bandas que resulten gañadoras do premio perciban algún tipo de compensación económica, aínda que sexa aboada indirectamente a través do eventual adxudicatario da contratación artística e produción do festival.[...]

7.- Visto o Informe do coordinador de cultura, educación, deporte e xuventude con data 01/06/2026 (CVD: Set2KqtPzG2azduJ+1Bb) que recolle:

«[...] A data de día de hoxe o prego de prescripcóns técnicas do contrato correspondente á contratación artística e produción do Rock in Cambre 2026 está en elaboración.

No mesmo se incluirá un apartado económico exclusivo para o pago dun caché simbólico aos grupos seleccionados que cubran os seus gastos de actuación, e a súa alta con todas as garantías legais a efectos da AEAT e a Seguridade Social.

A ter en conta que o premio en si é máis que ese caché simbólico, pois para os grupos actuar no festival supón o acceso por unha parte a unha publicidade e difusión difícil de conseguir por si mesmos, e por outra a uns medios técnicos e organizativos propios dun evento como o Rock in Cambre, que supoñen un coste importante para o Concello de Cambre.

Dado o gasto que realizará e asumirá o Concello de Cambre a través do contratista coa finalidade específica de incluír como participantes aos teloneiros, seleccionados no concurso I Batalla de Bandas 2026 no evento Rock in Cambre, en forma de gastos legais de alta dos grupos (ademáis da organización e infraestrutura necesaria), considero concorren os requisitos para a aplicación da Disposición adicional quinta que regula ás axudas en especie, tal como referín no informe de data 12/05/2026 a incluír na orde do día do pleno ordinario do mes de maio. (CVD: r4eiryXd90bvXrAvSvak).»

8.- Visto o informe de intervención con data 08/06/2026 (CVD: QBBuE5WOwt0NR0Z2BVyt) que sinala:

«Segundo. O expediente sometido a informe non comporta, por si mesmo, recoñecemento de obrigas nin disposición de gasto susceptible de fiscalización previa, sen prexuízo das actuacións de control que correspondan sobre os futuros expedientes de contratación vinculados á organización do festival.

Terceiro. No caso de que durante a tramitación do expediente de contratación do Rock in Cambre 2026 se prevexa o aboamento de cantidades económicas ou calquera outra prestación patrimonial individualizable a favor dos grupos premiados, tales circunstancias deberán ser obxecto de análise e fiscalización específica por esta Intervención, valorándose a súa incidencia sobre o réxime xurídico aplicable.»

INFÓRMASE que:

Para a correcta determinación do prezo do contrato e o cálculo do Orzamento Base de Licitación, este técnico tivo en conta a desagregación dos seguintes compoñentes económicos, baseados na natureza singular do mercado artístico e nos factores obxectivos concorrentes:

1.- Caché artístico das bandas profesionais:

As actividades artísticas en xeral, e as artes escénicas musicais en particular, non teñen un posible encadre nun convenio colectivo específico. A determinación da retribución dos artistas ou bandas profesionais por un espectáculo vén condicionada en grande medida por indicadores de mercado tales como a súa traxectoria profesional, a súa valoración polos expertos e a crítica, os medios de comunicación, o momento conceptual da formación ou o seu grao de consolidación no sector.

Son os propios artistas e as súas axencias de representación os que, tendo en conta estes indicadores, determinan o seu propio caché. Para o cálculo e validación técnica de ditos cachés aplicáronse os seguintes criterios:

- a) Traxectoria, veteranía e fitos estratéxicos das bandas elixidas: No caso de Medina Azahara, o seu caché actual vén profundamente condicionado e xustificado por atoparse na súa xira oficial de despedida, tras unha traxectoria ininterrompida de décadas na primeira liña do rock nacional. Este fito histórico determina o seu valor de mercado e a súa capacidade de convocatoria, configurando unha oportunidade única para o Concello.*

No caso de formacións como Biznaga, o prezo responde á súa consolidación e plena actualidade como un dos grupos de referencia do panorama alternativo e punk-rock estatal, avalado por premios sectoriais, unha crítica excelente e unha altísima rotación nos principais festivais.

O incremento na partida orzamentaria das bandas locais débese única e exclusivamente ao aumento do número de formacións a contratar (pasando de 3 a 5) co obxectivo de ampliar a programación e diversificar a oferta artística do festival. Canto ao importe unitario asignado por banda, que se fixa en 950,00 € por grupo, esta contía correspóndese cos prezos de mercado para formacións emerxentes e inclúe de xeito obrigatorio a totalidade dos custos derivados da súa alta na Seguridade Social, e as cotizacións correspondentes. Este importe garante a estrita regularización, a dignidade retributiva dos participantes e a cobertura ante calquera responsabilidade civil durante o desenvolvemento da actividade, configurándose como unha prestación de servizos artísticos bilaterais e está integrada dentro do obxecto global do contrato de organización do festival.

A maior abundamento, cómpre subliñar que a tramitación económica integrada e a posterior retribución das bandas locais non constitúe ningunha alteración posterior nin arbitraria do procedemento. Así consta expresamente no Informe do coordinador de cultura, educación, deporte e xuventude con data 01/06/2026 (CVD: Set2KqtPzG2azduJ+1Bb), emitido a requirimento da propia Secretaría, no que se aclaraba de xeito indubidable que, mentres as bases do concurso regulaban unicamente a selección, o prego de prescricións técnicas do festival —en fase de elaboración nese momento— incluíría a partida económica destinada a cubrir os cachés e a correspondente alta coas máximas garantías legais na Axencia Tributaria e na Seguridade Social. Polo tanto, ambos expedientes forman parte dun procedemento transparente.

- b) Factor estacional e temporalidade da data do festival: A celebración do festival sitúase na última fin de semana de setembro. Trátase dun período de transición onde, se ben aínda hai condicións estivais favorables, atópase fóra do "pleno apoxeo" e da máxima competencia de macrofestivais (meses de xullo e agosto). Este factor de estacionalidade foi utilizado por esta dirección técnica como elemento de ponderación para validar que os cachés se modulan á baixa e de xeito favorable para as arcas municipais en comparación coa tempada alta.*
- c) Comparación co histórico de edicións anteriores e sondaxe de mercado: O importe estimouse mediante a comparación cos custos de contratación de edicións anteriores deste festival (co estilo musical e tipoloxía de grupos que garda unha liña homoxénea) e mediante unha sondaxe de mercado dos prezos ofertados*

por ditos artistas ou outros de similar categoría e formato para a presente anualidade en festivais similares.

2.- Hospitalidade: A hospitalidade calculouse especificamente para dar cobertura aos desprazamentos, aloxamentos, mantencións e necesidades loxísticas internas dos integrantes de cada un dos grupos principais e os seus equipos técnicos.

Para o seu cálculo considerouse:

- Número de compoñentes e procedencia: O dimensionamento do gasto derivado de cada banda varía en función do número de músicos e técnicos que viaxan en xira (recoñecidos nos seus riders de contratación) e da súa cidade de orixe ata o noso municipio. O importe da hospitalidade para cada banda está calculada en función dos requirimentos necesarios para a súa estadía e custos de restauración tendo en conta o horario nocturno das actuacións.*
- Comparación e histórico: Cotexáronse as necesidades loxísticas con edicións anteriores do festival co obxectivo de estandarizar os custos de aloxamento e restauración na zona.*
- Sondaxe de mercado: Revisión dos requisitos de hospitalidade das bandas seleccionadas para esta edición tendo en conta custes medios de subministración no mercado actual*

3.- Producción: Engloba as necesidades técnicas específicas (son, iluminación, estruturas, backline, etc.) esixidas para o correcto desenvolvemento dos concertos, tanto das bandas profesionais como dos 5 grupos gañadores do concurso que actuarán como teloneiros.

Para o seu cálculo tívose en conta:

- Comparación coas necesidades de produción de edicións anteriores: Tomando como base os custos reais e as dimensións técnicas do escenario en anos precedentes para manter a homoxeneidade e calidade do festival.*
- Avaliación dos prezos actuais do sector para a subministración, montaxe e asistencia técnica do equipamento requirido nos riders técnicos das bandas profesionais que encabezan o cartel.*

Polo tanto, a vista do exposto:

- Este técnico considera que o prezo do contrato e o Orzamento Base de Licitación atópanse plena e obxectivamente motivados nas actuacións, garantindo que a totalidade dos fondos públicos destinados ao contrato retribúen prestacións de servizos e custos de produción, polo que se propón á Alcaldía resolución que resolva a discrepancia e levantamento do reparo co fin de dar continuidade ao procedemento de tramitación do expediente.*

O que se informa para que conste e produza os efectos oportunos.

Polo tanto, a vista do exposto:

- Solicito o levantamento por parte da Alcaldía do reparo suspensivo sinalado pola Intervención municipal, por consideralos explicados e subsanados e coa finalidade de proseguir coa tramitación do expediente.*

(...)"

Vista a resolución da Alcaldía número 655/2026 de data 2 de setembro de 2026, no que resolve levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de data 1 de setembro de 2026 (CVD: 7gWKMNx80EhrJrNAT4aF), a efectos de continuar coa tramitación do procedemento, isto

con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luis Martínez en data de 2 de setembro de 2026, (CVD: a65UM1lhKerfPGmEkHoh).

Visto canto antecede e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primero.- Declarar válida a licitación.

Segundo.- Adxudicar o contrato da “Contratación artística y producción del XXXIV Festival Rock in Cambre a celebrar por el Ayuntamiento de Cambre.” (expediente núm. 2026/C004/000014), a favor do licitador “Alboroto Producciones, S.L.”, no prezo ofertado de 205.458,11 euros sen IVE (248.604,31 euros IVE incluído) e cos compromisos ofertados que se relacionan a continuación:

- *Adquisición de créditos de carbono oficiales en registro público por un volumen total de 30 toneladas de CO2*
- *Compromiso de que el 100% de los elementos de iluminación instalados en el interior de la carpa de público, carpas auxiliares y zonas técnicas de backstage utilicen exclusivamente tecnología LED de alta eficiencia*
- *Aportación e instalación de 2 jaimas modulares*
- *Realizar una (1) limpieza extra por jornada*
- *Adscripción y conexión de un (1) grupo electrógeno/generador de emergencia adicional de reserva*

Terceiro.- Designar responsable do contrato a don José Luis Martínez Názara, coordinador de actividades culturais e educativas de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación prestada.

Cuarto.- Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación consonte ao artigo 44 e 153 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (en diante, LCSP) e cláusula 37 do PCAP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Quinto.- Notificar este acordo aos licitadores presentados e publicar este acordo de adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

Sexto.- Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O recurso especial en materia de contratación poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (artigo 50 LCSP), a partir do día seguinte a aquel en que se notificou a adxudicación de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da LCSP, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>. Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, “pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público” (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica https://tacgal.xunta.gal/procedementos_é.html. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación as medidas provisionais substanciaranse conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente

No caso de que non se opte por esta vía, cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito”.



Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de setembro de 2026 (CVD: OyNUIvDEIRCdZc6U7vDw), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo